

A D.O. Ribeira Sacra leva recolleitos 1.453.200 quilos despois de comeza onte oficialmente a vendima

A D.O. Ribeira Sacra fixaba como data recomendada para o inicio oficial da vendima este 14 de setembro, aínda que algunhas adegas iniciaron a recollida de uva de determinadas variedades nos últimos días de agosto. Tras o primeiro día oficial de vendima entraron en adegas **1.453.200 quilos de uva, dos que a maioría corresponden a Mencía, 722.971 quilos**. As cantidades por variedades distribúense do seguinte modo:

Variedades tintas

- **Mencía 722.971 quilos**
- Merenzao 25.758 quilos
- Garnacha 19.901 quilos
- Brancellao 19.609 quilos
- Caíno tinto 11.662 quilos
- Tempranillo 3.283 quilos
- Sousón 2.743 quilos
- Mouratón 406 quilos

Variedades brancas

- **Godello 543.352 quilos**
- Albariño 48.487 quilos
- Treixadura 43.216 quilos
- Loureira 4.495 quilos
- Dona Branca 4.315 quilos
- Blanco Lexítimo 1.978 quilos
- Torrontés 1.024 quilos

Das **95 adegas** que esperan vendimar ao amparo da D.O. Ribeira Sacra nesta campaña, 64 están vendimando, 26 adegas estarían pendentes de comezar os traballos de recollida de uva e 5 xa finalizaron. Os viticultores rexistrados para esta vendima son 1.971 e as hectáreas rexistradas 1.307. A uva que está a entrar en adegas ten un estado sanitario óptimo.

